

## BASES PARA A SELECCIÓN DUN/HA INFORMADOR NAS OFICINAS DE TURISMO DO CONCELLO DE SANXENXO

### **PRIMEIRA. OBXETO DA CONVOCATORIA E CARACTERÍSTICAS DO POSTO CONVOCADO.**

O obxecto da convocatoria é a selección e contratación laboral temporal por interinidade de UN/HA (1) persoa como **INFORMADOR/A DE TURISMO**, en réxime contractual de laboral temporal por obra ou servizo (como máximo ata o 15 de setembro de 2017), a obra, subvencionada a través da Axencia de Turismo de Galicia, Resolución do 29 de decembro de 2016 (DOG 19/01/2017), será para a contratación de unha persoa nas oficinas de turismo nos meses de verán (máximo 3 meses), debido a condición de Sanxenxo como Municipio Turístico e ao incremento de visitantes na tempada estival.

A categoría de contratación será equivalente a dun funcionario do grupo "C1" cun nivel de Complemento de Destino 17. Dita praza convócase de xeito urxente debido ás necesidades de organización do servizo.

### **Características específicas do posto, tarefas principais a desenvolver: INFORMADOR/A DE TURISMO:**

- Atención e información o cidadá.
- Disponibilidade horaria e de desprazamento en vehículo e a pé.
- Horario de Luns a Domingo, xornada partida, organización por quendas.
- Manexo de automóbil.
- Amplo coñecemento do municipio.
- Coñecementos informáticos, copistas e centraliña.
- Mecanización de datos baixo a supervisión de superiores.
- Realización de encargos oficiais dentro e fora das dependencias municipais.
- Apertura e peche de dependencias municipais.
- Traslado de material.
- Nocións de inglés, indicacións e conversa sinxela.

**Período de proba:** Establécese un período de proba de 1 mes, período perante o cal, sen previo aviso, poderase disolver a relación laboral por calquera das partes.

### **SEGUNDA. CONDICIÓN DOS ASPIRANTES**

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, por o que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter 16 anos e non exceder da idade de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión de titulación : técnico superior en información e comercialización turística; técnico superior en guía, información e asistencia turística; técnico en empresas e actividades turísticas, ou grao en turismo equivalente ou homologado. Titulacións esixidas no Anexo I, artigo 1.1 da resolución do 7 de decembro de 2015 (DOG 27/01/2016) da Axencia de turismo de Galicia.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño da función.
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- f) Carné de conducir B.
- g) Ter ingresado na conta bancaria de ABANCA do OA Terra de Sanxenxo nº ES 74 2080 5061 47 3040010797 a cantidade de 7, 73 € en concepto de dereitos de exame. O solicitante aportará, xunto ca súa instancia, orixinal ou copia cotexada do documento de transferencia ou ingreso. A taxa por dereitos de exame deberá aboarse necesariamente dentro do prazo de presentación de instancias, e a falta de pago en dito prazo determinará a exclusión definitiva do aspirante das probas selectivas.

Aqueles aspirantes que presenten a tarxeta de demandante de emprego en vigor estarán exentos do pago dos dereitos de exame.

Todos os requisitos anteriores deberán posuírse no intre da presentación das instancias e gozar dos mesmos durante o procedemento de selección, así como en cada suposto nos que os/as seleccionados/as sexan requiridos/as para prestar os seus servizos neste organismo autónomo.

### TERCEIRA. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

As instancias solicitando tomar parte do proceso selectivo, dirixiranse o Sr. Presidente do Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo e presentaranse de 9:00 á 14:00 horas no rexistro xeral do Concello de Sanxenxo, durante o prazo dende a publicación do correspondente anuncio nun dos periódicos de maior circulación da provincia (Dende o 29/05/2017 ata o 05/06/2017), no taboleiro do Concello e na páxina web: [www.sanxenxo.es](http://www.sanxenxo.es)

Aqueles aspirantes que presenten en distinto rexistro ao do Concello (dentro do prazo) deberán enviar copia por fax: 986721022.

Xuntarse coa instancia a seguinte documentación: fotocopia do D.N.I. e do carné de conducir, copia do documento de transferencia ou ingreso da taxa por dereitos de exame (o no seu defecto tarxeta de demanda de emprego en vigor), currículo con fotografía (extenso e detallado), copia da titulación esixida na base 2.c.

Os aspirantes que non reúnan os requisitos esixidos na convocatoria quedarán automaticamente excluídos/as dista.

A relación dos aspirantes admitidos e excluídos publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello de Sanxenxo o mesmo día que finaliza o prazo de presentación de instancias.

Aqueles aspirantes que por calquera razón non saian na lista de admitidos e teñan xustificación válida de terse presentado en prazo a convocatoria, deberán presentarse igual as probas de selección aportando copia que o acredite e a documentación esixida na convocatoria, onde o tribunal valorará a súa admisión.

NON SE FARÁN COPIAS NO REXISTRO, os aspirantes deberán levar as copias xa feitas da documentación a presentar.

### CUARTA. PROCESO DE SELECCIÓN DOS ASPIRANTES

Realizarase mediante o sistema de **oposición**:

#### **OPOSICIÓN: (Máximo 10 puntos):**

O tribunal cualificador avaliará os coñecementos a través de un exame con cuestións relacionadas co desempeño do posto, así como coñecementos que precisen para o normal desenvolvemento da actividade, a valoración farase de **0 a 10 puntos**. (Ver base primeira: "*Características específicas do posto, tarefas principais a desenvolver*")

Cuestións que poderán ser expostas tanto de xeito escrito como de xeito verbal ou por medios informáticos.

### QUINTA. CELEBRACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS

A celebración e posterior valoración das probas, realizaranse o xoves 8 de xuño de 2017 no Salón de Plenos Municipal ás 10 horas.

### SEXTA. CUALIFICACIÓN FINAL, ASPIRANTE PROPOSTO E RELACIÓN DE SUBSTITUTOS.

O tribunal propondrá a presidencia a aquel que sume a maior nota. Establecerase unha relación de substitutos (por orde de puntuación), os cales serán chamados, de xurdir a necesidade, o longo do ano 2017.

### SÉTIMA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal deberá constituírse na data que designe o presidente, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partir da sesión de constituición o tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes.

En caso de ausencia do presidente e /ou secretario actuará no seu lugar o vocal titular, actuando como vocal un dos suplentes.

O tribunal estará integrado por :

**PRESIDENTE :** Luís Ángel Sabaríz Rolan.

**SECRETARIO :** Celestino Otero Camiña.

**VOCAL :** Teresa Reyes Martínez.  
Aquilino González Pérez.  
Teté Lorenzo Corcoba.

### ASESORES/AS :

Servizos persoal.  
Servizos turismo.

### SUPLENTES:

Celso Lede Porto.  
Teresa Amado Moldes.  
María Victoria Fernández Vázquez.  
Casimiro Garrido Vizoso.  
Faustino Balea Casás.

### OITAVA. PROTECCIÓN DE DATOS

Por o feito da participación no proceso selectivo, os aspirantes prestan o seu consentimento para que os datos de carácter persoal facilitados por eles sexan incorporados ao ficheiro “laboral”, rexistrado na AEPD publicado no BOP nº 201 de 16 de outubro de 2008). Unha das finalidades deste ficheiro é a xestión dos procesos de selección, podendo utilizar ditos datos por o departamento de Recursos Humanos para xestionar a Bolsa de Traballo Temporal da convocatoria, salvo cos aspirantes que indiquen expresamente que non queren que dita información sexa utilizada a tales efectos.

### NOVENA. INCIDENCIAS

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o previsto nestas Bases

Sanxenxo, 26 de maio de 2017.

O presidente,

Gonzalo Gonzalo Pita.